




MONTES DE BUXANTES

Adela Leiro, Mon Daporta
setembro 2025



Distancia: uns 3 km a pe (lineal), variable en coche

Dificultade: baixa



O macizo tectónico de **Buxantes** ou **Buxán** ten unha orientación NE-SO e está separado do macizo do Pindo polo val encaixado do río Xallas. Pertence as concellos de Dumbría e Cee. Polo sur e leste está rodeado lo esteiro de Ézaro o río Xallas, polo oeste da ao mar de Fisterra e polo norte está limitado polo río de Buxantes.

Está constituído por granodiorita (granito vermello de grandes cristais) formada despois da Oroxenia Hercínica. A erosión deu lugar a bolos, penedos, paredes lisas e pías cilíndricas moi espectaculares. O cume máis alto é o Carbaliza (475 m).

Ten unha importante rede fluvial: os ríos: Rosa, Gures, Fume do Cal e Buxantes ou das Pozas saen directamente ao mar de Fisterra; e o San Crimenzo, Xestosa, rego do Brazal e Hospital son afluentes do Xallas.

Forma parte do espazo Carnota-Monte Pindo, declarado Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, proposto para a Rede Natura 2.000. Unha boa parte está cuberto de piñeiros e mato e ten parques eólicos.

O macizo de Buxantes acolle varios núcleos de poboación (A Laxe, Gures, As Lamas (na costa) Miñóns, San Crimenzo... Hai muíños, mámoas, lavadoiros e foxos do lobo. Tamén hai unha central hidroeléctrica e numerosos aeroxeradores (chamados por algunha xente virandeiras).

Merece a pena unha visita (ou varias) para gozar das vistas cara ao seo de Fisterra e o val do Xallas e para deterse nas formas curiosas traballadas pola erosión no duro granito.



Cadoiro do Xallas en Ézaro




PERCORRIDO

Accedese desde Ézaro pola estrada que sobe ao miradoiro ou pola estrada de Brens. Por calquera dos percorridos temos boas vistas e pistas por onde andar. Pódese coller o camiño dos parques eólicos para achegarse máis arriba.

Se imos desde Ézaro podemos aproveitar para ver a ferverza do Xallas que cae desde as enormes laxes entre os macizos de Buxantes e o Pindo, subir ao miradoiro de Ézaro e ver o Encoro de Sanra Uxía.

Unha vez na serra camiñamos de vagar para gozar da paisaxe. Recomendamos ir ata o Alto Furado (394 m) onde, ademáis das vistas, podemos atopar penedos con curiosas formas de erosión: pías, furados...



Vista de Fisterra



Vista xeral desde os montes da Ruña.



Buxantes desde o Pindo. O Alto do Furado atópase no remate dos últimos aerogeradores.



Rochas graníticas desde o miradoiro de Ézaro.



Vista da cara leste dos montes de Buxantes, co encoro de santa Uxía diante



Vista do Pindo desde Buxantes



Vista do seo de Ézaro, na desembocadura do Xallas





“Casa do Lobo” ou pozo do lobo
no Alto da Pena
(imaxe do Visor SigPac)



Breixos



Rochas graníticas con pías e cazoletas formadas pola erosión